

“3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2005-2007”



Concellería da Muller



CONCELLO DE VIGO

**i Rebélate:
estás na idade !**



-- ► **Edita:**

Concellería da Muller. Concello de Vigo. 2007.


-- ► **Elaboración de contidos:**

Concellería da Muller coa colaboración técnica da Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega.

-- ► **Corrección lingüística:**

Servizo de Normalización Lingüística.

Xeroglífico




Solución na páxina seguinte

tempo propio e sumamos en igualdade.

Unha hora entre dous igual a media hora de

SOLUCIÓN AO XEROGLÍFICO:



i Ríndome ! Xa non podo máis. Repetinlles as análises once veces e non llo atopo. ¿ Onde terán os humanos e as humanas iso que chaman xénero ? Segundo o meu infalible ordenador homes e mulleres son nun 98% iguais: só varía un dos 46 cromosomas que os forman e esa diferenza fai que a especie humana teña un corpo para cada sexo. Pero iso non ten nada que ver con que as femias fagan o mesmo cós machos e por riba, mentras eles descansan, elas realizan as tarefas necesarias para o benestar de todos/as os/as individuos/as da especie: lavan, planchan a roupa, fregan, cociñan, aprovisiónanse, coidan das crías...
ii Teñen unha enerxía incríbel !! Iso seica é pola diferenza de xénero pero... ¿ Onde diaños o teñen ?



A familia

A familia é un grupo de persoas que comparten proxectos, afectos, bens, cartos...
E tamén espazos (a casa).

Debe ser un grupo democrático, equitativo, que non discrimine a ningún membro.

É un feito que existen moitos tipos de familia: nai/pai con fillos/as, fillos/as convivindo con avós/avoas, rapaces/as convivindo só co seu pai ou nai, etc.

Sexa cal sexa o teu grupo familiar é importante que recoñezas que a túa familia che pode aportar moitas cousas que necesitas, pero tamén debes saber que ti podes aportar moitas cousas a túa familia.



Ata non fai moito, as mulleres eran as responsables de todas as tarefas domésticas e do coidado das persoas dependentes (nenos/as e persoas maiores).

¿ Por qué ?

A partir dunha diferenza biolóxica, nacer home ou muller (**sexo**), a sociedade asignaba unhas pautas de comportamento, funcións e espazos, totalmente diferenciados (**xénero**):

coidadora provedor

Ao xénero feminino (as mulleres) asígnaselle o **espazo privado**. Tiñan como función principal realizar todas as tarefas derivadas do **traballo doméstico**: limpar, cociñar, recoller, lavar, planchar a roupa, mercar e un longo etc., incluído o coidado dos/as fillos/as (ensinarlles a camiñar, a comer, levalos á escola, coidalos cando enferman...).




Podemos dicir que é un traballo sen salario, sen vacacións, sen festivos, sen xornada definida e, por riba, con escaso prestixio social, pero imprescindible para a supervivencia das persoas.

Este reparto priva aos homes dos aspectos positivos que o ámbito familiar pode proporcionar e impide ás mulleres que se adiquen, en condicións de igualdade, a outros espazos: **espazo público**, persoal, etc.

O traballo remunerado aporta á persoa que o realiza independencia económica e persoal, ao tempo que recoñecemento social.

Así mesmo, todas as persoas precisamos tempo para nós: para relacionarnos, formarnos, descansar, divertirnos, participar en actividades sociais do noso interese...



Unha chave : A corresponsabilidade

A corresponsabilidade é unha chave para sentirse ben na familia, ti e os demais.

¿Sabes o que é corresponsabilizarse?

É a esixencia de compartir todas as persoas da familia as actividades e responsabilidades necesarias para acadar unha maior calidade de vida.



Desmontando

Sen corresponsabilidade

Meu pai axuda a miña nai a fregar a louza. -----

Eu xa fago a cama cando mamá me manda. -----

É miña irmá quen pon a lavadora porque eu non sei. -----

Meu pai leva a miña nai a facer a compra. -----

Cando falta algo no frigorífico é porque a miña nai se esqueceu de compralo. -----

Meu pai non é quen de planchar e faino sempre a miña irmá. -----

O meu avó axúdalle á miña avoa/nai a prepararnos a merenda. -----

Con corresponsabilidade

Meu pai ás veces frega a louza.

Eu ocúpome de facer a miña cama todos os días.

Eu xa teño idade de poñer a lavadora.

Miña nai e meu pai fan a compra xuntos.

Cando vexo que falta algo eu ocúpome de engadilo á lista da compra.

Meu pai ocúpase de planchar.

Meu avó ocúpase de prepararnos a merenda.




Ti podes, ti gañas

Pola túa idade, xa non só debes asumir tarefas e responsabilidades senón influír, con razóns e argumentos, nos outros membros da familia para que colaboren no reparto das tarefas domésticas.

Así:

- ➤ Demostras a túa responsabilidade ante os teus, aumentando os niveis de confianza en ti, ante outras situacións.
- ➤ Túa nai estará de mellor humor cando non teña que repetir 17 veces que recollas o teu cuarto. Terá máis tempo para adicar a outras actividades e algunhas compartilas contigo.
- ➤ Acadarás niveis de autonomía persoal, que che facilitaran moito as cousas para vivir só/a, con compañeiros/as de estudo, coa túa parella,...

**¡Que extraños os/as terrícolas.
¡ Non comparten as tarefas domésticas !
Aplicuémoslle a dose de
igualdade que precisan.**



¡ Rebélate na casa: tende a roupa !

Hoxe cociño eu

Unha receita sinxela, o teu prato favorito,...



Colaborar é entretido

Coida aos/ás máis cativos/as ou ás persoas maiores: pasear, falar con elas, prepararlles a merenda,...




Poñer a lavadora

Programar unha lavadora é máis doado que enviar unha sms.



Ah!

Ao rematar o lavado, toca secar a roupa, planchar a roupa e gardala no roupeiro.



Quedar para os recados

Responsabilízate das pequenas compras de cada día. Queda con amigos/as para ir ao super.





Ordenar e limpar

Encárgate de limpar o que ensucias, ordena o teu hábitat, fai quendas para a limpeza dos espazos comúns.




Finalizado o traballo

Xa podemos descansar



¡Isto da corresponsabilidade mola!



Máis aló: a conciliación

A **conciliación** dos tres espazos vitais (familiar, laboral e persoal) é unha necesidade que debe ser satisfeita para garantir a calidade de vida das persoas, especialmente das mulleres, que ata o de agora soportaron unha maior carga de traballo e responsabilidade.

Para facer posible esta conciliación, as institucións sociais, políticas e laborais deben adoptar medidas que a faciliten:

- ➤ Adaptar horarios e tempos de traballo.
- ➤ Xeneralizar os servizos de atención ás persoas dependentes.
- ➤ Ofrecer facilidades para compaxinar a paternidade/maternidade e o coidado de persoas dependentes co mundo laboral.

Glosario de termos

- ➤ **SEXO:**

Características físicas que marcan a diferenza biolóxica entre machos e femias.

- ➤ **XÉNERO:**

Sistema de comportamentos aprendidos que organizan e marcan as posicións, funcións e espazos que corresponden a mulleres e homes, froito dunha sociedade machista que relega a un segundo plano o papel das mulleres.

- ➤ **ESPAZO PÚBLICO:**

Ámbito onde teñen lugar tanto as relacións profesionais como as sociais.

- ➤ **ESPAZO PRIVADO:**

Ámbito doméstico (da casa).

- ➤ **CORRESPONSABILIDADE:**

Modelo de vida que defende a necesidade dun equilibrio na toma de decisións, no reparto das responsabilidades domésticas e na distribución do tempo de mulleres e homes.

- ➤ **CONCILIACIÓN:**

Compatibilidade do espazo público e o privado. Supón a necesidade de que homes e mulleres compartan estas funcións na sociedade.

Enche as cañas e saca as túas conclusións:

¿ Están repartidas as tarefas na túa casa ? ¿ Quen leva a peor parte ?

TAREFAS	EU	MAMÁ	PAPÁ	IRMÁ	IRMÁN	AVOA	AVÓ	OUTRA PERSOA
Facer as camas								
Limpar o baño								
Varrer e fregar								
Cociñar								
Poñer a mesa								
Lavar a louza								
Poñer a lavadora								
Tender a roupa								
Planchar								
Facer a lista da compra								
Facer a compra								
Lavar/recoller lavapatos								
Aspirar								
Limpar os mobles								
Preparar as merendas								
Preparar o baño								

Se ti colaboras axudas a túa nai e a outros/as adultos da casa a ter máis tempo de descanso.

! Rebélate na casa: comparte responsabilidade !

Nós xa nos rebelamos na casa e ti,
¿ a que esperas ?



Para saber máis...

- ➤ **<http://hoxe.vigo.org/movemonos/muller>**
Materiais (unidades, xogos, ...) editados pola Concellería da Muller de Vigo co obxecto de favorecer a Igualdade de Oportunidades e previr a violencia de xénero.
- ➤ **http://www.stecyl.es/mujer/8m2005_propuesta_didactica_secundaria.pdf**.
Materiais para traballar a corresponsabilidade en secundaria.
- ➤ **<http://www.mtas.es/mujer/publicaciones/docs/05sabere.pdf>**.
Os saberes de cada día. Proposta didáctica para educación secundaria.
- ➤ **<http://sgi.xunta.es/document/prevcasa.pdf>**.
Previr dende a casa: guía para promover as relacións de paz e equidade.
- ➤ **http://www.mtas.es/mujer/publicaciones/docs/materiales_digital.pdf**.
Guía de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- ➤ **www.alecrin.org/biblioteca/biblioteca.html**